

Do berce á rúa

1. Que é Do berce á rúa?

Do berce á rúa é un espazo web lúdico-educativo que contén numerosos recursos en galego para familias con nenos e nenas de 0 a 6 anos.

Entre estes recursos podemos atopar contos, xogos, cancións, arrolos, primeiras palabras, un vídeo de como facer un disfrace de árbore autóctona galega ou animacións con diferentes temáticas como animais, bichos ou froita. Pero tamén contén información moi útil sobre a saúde, nomes en galego, consellos de crianza,...

O enderezo desta web é www.dobercearua.gal

Tal e como se reflicte no lema “achégalle o galego desde o berce”, esta web busca a participación das familias na tarefa de incorporar o galego na comunicación familiar desde o primeiro momento. Os nenos e as nenas poden aprender e divertirse en galego!!!

Esta web está impulsada desde o Servizo de Normalización Lingüística – Concellaría de Ensino e Bibliotecas do Concello de Narón.

2. A quen vai dirixido?

Esta web está enfocada para nenos e nenas de 0 a 6 anos polo que vai dirixida fundamentalmente a familias con nenos e nenas que teñan estas idades e profesorado de escolas infantís e educación infantil. Tamén poden aproveitar os recursos desta web as traballadoras e traballadores de ludotecas,...

3. Obxectivos

3.1 Obxectivos xerais

- Ampliar a presenza da lingua galega nas novas tecnoloxías.
- Difundir recursos lúdicos e educativos en galego.
- Visibilizar a importancia da transmisión familiar da lingua.
- Transmitir unha imaxe positiva da lingua galega.

3.2 Obxectivos específicos

- Facilitar recursos lúdicos e educativos en galego a familias e profesorado.
- Animar a que familias e profesorado empreguen o galego cos nenos e nenas.

4. Temporalización

Esta web creouse en 2010 e actualiza os contidos periodicamente. Para a súa difusión tamén se realizan frecuentemente publicacións en redes sociais presentando algún recurso, envíanse correos electrónicos a familias e profesorado do concello,...

5. Recursos

Esta web é ideal para empregar en dispositivos electrónicos como tabletas ou móbiles, pois predomina o formato audiovisual. O vídeo é o formato que máis se emprega tanto para a música, como para os contos,...

Do berce á rúa comparte recursos xa existentes en Internet, pero tamén creou recursos propios que se poden ver premendo nos seguintes enlaces:

Bichos: <https://youtu.be/y2hhIOqGr-4>

Froita: https://youtu.be/h4Keg-ied_Y

Granxa: <https://youtu.be/Bywifd17Ff0>

Disfrace de árbore autóctona: <https://youtu.be/sUI-KsVeazg>

A ovella Maruxa: <https://youtu.be/VRVjQxfjOsk>

O pitiño solitario: <https://youtu.be/BRO3LftVL-U>

Xogos: <https://dobercearua.gal/xogacontos2/>

Cores: <https://dobercearua.gal/cores/>

Natureza: <https://dobercearua.gal/natureza/>

Números: <https://dobercearua.gal/numeros/>

Materiais para descargar:

Medidor: <https://dobercearua.gal/wp-content/uploads/2016/12/medidor.pdf>

Descargas: <https://dobercearua.gal/wp-content/uploads/2016/12/triangulo.pdf>

6. Avaliación

As familias e o profesorado demandan recursos infantís en galego tanto lúdicos como educativos, boa mostra disto é o número de visitas que recibiu esta web.

A modo de exemplo poñemos os datos relativos ás visitas que tivo a web en 2019. Tivo un total de 37.337 visitas ao longo de 2019, notándose un incremento das visitas nos meses nos que se lle dá visibilidade á web en redes sociais, correos electrónicos a escolas infantís e centros escolares de infantil,...